

**RESOLUCIÓN DE DESISTENCIA**

Praza número: 19/7007 Número de prazas: 1
 Categoría: Contratado interino de substitución. Dedicación: P06
 Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais.
 Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico.
 Centro: Facultade de Ciencias da Educación.
 Data da convocatoria: 21/06/2019

FEITOS:

1.- Por resolución reitoral do 21 de xuño de 2019 (publicación na páxina web da UDC o día 03/07/2019) convocouse un concurso para a contratación laboral de persoal docente, relacionándose no anexo II da mesma as prazas (da 19/7001 á 7025) que se convocaban, así como a súa respectiva descrición. Entre as mesmas incluíase a descrita na cabeceira, que tiña por obxecto a cobertura da docencia asignada a un profesor contratado laboral en situación de excedencia forzosa como consecuencia da súa elección como membro do Congreso dos Deputados nas eleccións xerais do 28 de abril deste ano 2019.

2.- Logo da publicación do Real Decreto 551/2019, do 24 de setembro, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado así como de convocatoria de novas eleccións, con data 26 de setembro o profesor en situación de excedencia forzosa tras a súa incorporación ao Congreso dos Deputados, solicitou o seu reingreso ao servizo activo na UDC, producíndose este con efectos do pasado día 1 de outubro de 2019.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1.- Tal e como se indicou no feito primeiro desta resolución o motivo da convocatoria da praza número 19/7007 foi a cobertura da docencia que tiña asignada un profesor, que pasou á situación de excedencia forzosa con motivo da súa incorporación ao Congreso dos Deputados tras as derradeiras eleccións ás Cortes Xerais do 28 de abril.

Reincorporado o mencionado profesor ao seu posto de traballo na UDC tras a disolución do Congreso dos Deputados e mailo Senado, perdeu xustificación a cobertura da praza anteriormente citada, ao desaparecer a causa que motivou a súa convocatoria.

2.- O Artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece no seu apartado 1. que "Poñerán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito no que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade", sinalando no apartado 2. que "Tamén producirá a terminación do procedemento a imposibilidade material de continuo por causas sobrevidas. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso". Nesta mesma liña e, en desenvolvemento deste artigo, o 93 da mesma norma establece que "Nos procedementos iniciados de oficio, a Administración poderá desistir, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis".

Código Seguro De Verificación	J1DaoJ4CR4iFefsQG05pbg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	10/10/2019 12:43:43
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/J1DaoJ4CR4iFefsQG05pbg==		





3.- Neste caso a motivación requirida para a desistencia a continuar co procedemento de selección da praza 19/7007, radica na desaparición da necesidade docente que motivou a súa convocatoria, polas circunstancias xa descritas nos feitos e no punto primeiro das consideracións legais e técnicas desta resolución, nas que concorre ademais o elemento de causa sobrevida prevista no punto 2. Do artigo 84 da Lei 39/2015 xa citado..

4.- Non obstante o sinalado, en previsión de que ao longo do curso académico 2019-2020 puideran xurdir necesidades docentes para a mesma área de coñecemento, incluíndo que se volvan a dar as mesmas causas que motivaron a convocatoria desta praza, e tendo en conta que o procedemento selectivo chegou practicamente ao seu remate coa proposta de designación da praza feita pola Comisión de Selección e a súa publicación, procede, ao igual que no resto de procesos selectivos similares para a contratación laboral de profesorado na UDC, conservar a relación de candidatos propostos como listaxe de espera para atender, mediante a correspondente contratación, ás necesidades docentes antes mencionadas, conforme ao procedemento a ese fin aprobado por acordo do Consello de Goberno da UDC do 30 de xuño de 2006

Por todo o sinalado, **esta Reitoría**, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), **resolve:**

- **Desistir do procedemento de selección da praza 19/7007**, descrita na cabeceira, que se convocou, xunto con outras, por resolución reitoral do día 21 de xuño de 2019.
- Constituír unha listaxe de espera coa relación de candidatos propostos pola Comisión de selección no seu acordo do 13 de setembro de 2019, que figura publicado na páxina web desta universidade.
- Os interesados que tiveran presentada a correspondente solicitude para participar nesta praza, poderán solicitar a devolución das taxas que tiveran pagado para eses efectos.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, prazo que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdición Contencioso Administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 10 de outubro 2019

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	J1DaoJ4CR4iFefsQG05pbg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	10/10/2019 12:43:43
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/J1DaoJ4CR4iFefsQG05pbg==		



Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Primeiro. Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 04 de outubro de 2019, tomou os seguintes acordos en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación:

Praza: 19/7007

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución. Tempo parcial P06

Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Saúde

Docencia: 652G01029 Medio Histórico e Xeográfico de Galicia e súa Didáctica; 652G01025 Medio Social e Cultural e a súa Didáctica; 652G02022 Didáctica das Ciencias Sociais II

Á vista da reclamación presentada por dona Elvira Lezcano González con data de rexistro do 23/09/2019 (núm. 2231), acorda non valorar o contido da mesma ao estar presentada fora do prazo de cinco días hábiles estipulado na disposición 7.4 da convocatoria desta praza (Resolución reitoral do 21/06/2019) que establece: “...Concederáselles a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días hábiles, que conta a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.”

Segundo consta certificado no expediente do proceso selectivo, a proposta da comisión de selección foi publicada no taboleiro de novas da Facultade de Ciencias da Educación o día 13/09/2019 polo que o prazo para a presentación de reclamacións rematou o 20/09/2019.

Por outra banda, dado que desapareceron as causas que motivaron a convocatoria desta praza, a comisión de reclamacións estima que non debe de realizarse unha resolución de nomeamento, aínda que procede a conservación do actos administrativos realizados co fin de contar cunha listaxe de contratación no caso de volverse a dar ao longo do curso 2019/2020 as mesmas causas que motivaron a súa convocatoria.

Asino esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 07 de outubro de 2019

Código Seguro De Verificación	IAy83Qei8guk601tPAergg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	07/10/2019 13:12:07
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/IAy83Qei8guk601tPAergg==		

